

PROXECTO MEGALODON

A familia dos tabeiróns

Práctica de laboratorio

4º de primaria do CPI de Atios – CURSO 23/24

Os tabeiróns galegos: o melgacho

Na práctica de hoxe quixemos coñecer de preto como son os tabeiróns, e en concreto aprender sobre unha das especies de tabeiróns galegas, o melgacho; o luns tivemos ao avó de Lara contándonos cousas sobre o seu traballo de pescador e sobre as especies de tabeiróns que el pescaba, os marraxos e os tabeiróns azuis.




O ASPECTO EXTERIOR

O melgacho ten o aspecto característico dos tabeiróns, é un peixe cartilaxinoso, de corpo alongado e flexible; o primeiro que fixemos na práctica de hoxe foi medilo, o noso melgacho mideu 53 cm. Os melgachos son tabeiróns pequenos que acadan como moito 70 cm de tamaño.



PINTARROJA, POR QUÉ?

O nome castelá fai referencia ao debuxo moteado que cubre o seu corpo, de cor carne cuberto de manchiñas en cor marrón.




COMO É A PEL DO MELGACHO?

A seguinte cousa que fixemos foi fixarnos na pel do melgacho, ao preguntar a os nenos a maioría pensaban que a pel dun tabeirón era lisa, outros a simple vista detectaron certa rugosidade na pel e comprobaron coas lupas primeiro que a pel dun melgacho era como un papel de lixa.



COMO É A PEL DO MELGACHO?

Despois, co microscopio electrónico comprobamos que a razón de que a pel dun melgacho fora ao tacto como o papel de lixa era que estaba chea de pequenos dentes chamados dentículos.



OBSERVACIÓN DA CABEZA

Unha das características principais dos tabeiróns son as fendeduras branquiais, con axuda dunhas pinzas e un escalpelo poidemos observalas e contalas: cinco fendeduras a cada lado dunha cabeza aplanada rematada nun fuciño redondeado.



O MELGACHO POLA BARRIGA

A continuación volteamos o melgacho coa axuda dunhas luvas e observamos a barriga deste pequeno tabeirón, blanquecina e coa boca redondeada por debaixo.



PERO QUE BOCA!

Os melgachos a simple vista non parecen ter a espectacular boca doutros tabeiróns, todos imaxinamos uns grandes dentes superafiados na boca dun grande depredador como é o tabeirón.



NOS ATREVEMOS A TOCAR A BOCA DUN TABEIRÓN?

Para comprobar como é a boca dun melgacho, todos nos animamos a toquetear e comprobar como eran os dentes, ao tacto nos dimos conta de que había uns dentes pequenos tanto na mandíbula superior como na inferior.



VAIA DENTES!

Posto o melgacho no microscopio electrónico observamos uns dentes puntiagudos e triangulares como soen ter os tabeiróns, colocados en tres filas.



QUE MÁIS MIRAMOS?

Outra cousa que chama a atención nos tabeiróns son as súas aletas, todos imaxinamos un tabeirón e vemos unha aleta asomando na superficie do mar como vimos miles de veces nas películas e os documentais.



QUE MÁIS MIRAMOS?

Coa axuda das guías de identificación comprobamos cantas e como se chaman as aletas dun melgacho:

Dúas aletas pectorais

Tres aletas ventrais

Dúas aletas dorsais

Unha aleta caudal



NOS ATREVEMOS COAS TRIPAS?

Unha práctica de laboratorio cun peixe debería continuar abrindo o melgacho e mirándolle os órganos internos... pero esa parte da práctica ímola deixar para máis adiante.

